


ICJCE GALICIA / INFORME 'O ASCENSO DAS MULLERES NA EMPRESA GALEGA'

# Galicia encabeza o aumento de mulleres directivas en España

Porcentaxe de mulleres directivas en Galicia e o conxunto de España



- **Auditoras de ICJCE Galicia enxalzan apostar pola equidade**
- **O 44% das empresas galegas están en mans de mulleres**

**Vigo, 3 de marzo de 2025.** A presenza das mulleres en postos directivos de empresas galegas acadou en 2024 o 41% (fronte ao 33% de 2023), situando a Galicia á cabeza do crecemento de directivas e un punto por riba da media española. O ascenso profesional tamén empeza a acadar os máximos postos de responsabilidade: un 18% das medianas e grandes empresas galegas son rexidas por unha presidenta; un 18% teñen unha conselleira delegada muller; e un 25% dos consellos de administración están integrados por mulleres.

O informe *O ascenso das mulleres na empresa galega*, impulsado polas auditoras e auditores da Comunidade no Instituto de Censores Xurados de Contas en Galicia (ICJCE Galicia), sinala que Ourense é a provincia máis paritaria na alta dirección das empresas, cun 18% de presidentas, un 20% de mulleres CEO e un 29% de conselleiras.

O informe tamén analiza a totalidade das 208.092 empresas privadas galegas (sen empregados, pemes e grandes empresas). Neste caso, o 44% das empresas (90.704 empresas) con sede en Galicia están en mans de mulleres. A cota de empresarias mantense invariable na última década pois en 2012 tamén a propiedade feminina das empresas era do 44%.

**Servizo de comunicación ICJCE Galicia**

claudia.moran@puntoga.com / manuelvsola@puntoga.com

600 642 172 / 628 274 100

O estudo do ICJCE Galicia revela un descenso do emprendemento feminino. A creación de empresas por parte de mulleres cae na década (2012-2022) nun 15% entre as emprendedoras menores de 26 anos e nun 26% na franxa de idade de 26 a 35 anos. Na actualidade, o 52% das empresas de propiedade feminina están en mans de mulleres maiores de 45 anos (e a gran maioría na franxa de máis de 55 anos).

No grupo das principais compañías galegas produciuse na década un visible ascenso de mulleres á máxima liña executiva de empresas como Lence (sector lácteo), Freire Hermanos (siderurxia), Inditex (moda), RC Celta SAD (deporte/espectáculo), Adolfo Domínguez (moda) ou Roberto Verino (moda).

### **Equidade e auditoría**

“Dende a auditoría enxalzamos a aposta pola equidade de xénero nas empresas galegas para impulsar mellores resultados e máis igualdade. Lembramos o valor de auditar as contas: as empresas auditadas son máis igualitarias que as que non o son”, sinala Ana Pumar, auditora e directiva de ICJCE Galicia e integrante do grupo de traballo de Equidade do ICJCE a nivel estatal.

As empresas con sede en Galicia que someten as súas contas a auditoría amosan unha maior presenza de mulleres nos seus cadros de persoal (49%) que as que non o fan (34%).

En Galicia, as auditoras representan o 23,6% da profesión, 3 puntos máis que hai un lustro, e o 26% das profesionais en España son socias ou xerentes.

O ICJCE Galicia representa 228 auditoras e auditores e 195 sociedades que operan nas catro provincias galegas. Os profesionais de auditoría auditan o 88% da facturación privada de Galicia.

O estudo do ICJCE Galicia analiza un amplo panel de datos do Instituto Galego de Estatística (IGE), Instituto Nacional de Estadística (INE), Consejeras Galicia, Ardán, Grant Thornton e Comisión Nacional de Mercado de Valores (CNMV).

**[\[VER INFORME COMPLETO\]](#)**